

## **REPSOL TRASLADA TODO O SEU TRÁFICO DE SÓLIDOS AO PORTO EXTERIOR**

- **O estibado do primeiro barco de xofre unido ás dúas cargas de coque calcinado realizadas a principios de xaneiro completaron o proceso.**
- **A refinería ten un tráfico de graneis sólidos de preto de 500.000 toneladas ao ano, das que o 72% xa se movían no Porto exterior en 2016.**

Repsol opera xa todos os tráxicos de graneis sólidos (xofre, coque combustible e coque calcinado) no porto exterior de Punta Langosteira. O traslado dos sólidos cumpriuse co estibado do primeiro barco de xofre ao que se suman as dúas cargas de coque calcinado, realizadas os días 4 e 11 de xaneiro.

Este proceso completouse coa carga do barco mercante Xiaoyi C que saíu onte do Porto exterior, transportando 7.250 toneladas de xofre para exportación a Marrocos. A estiba realizouna a empresa Pérez Torres Marítima S.L. mediante unha cargadora en circuío pechado de case 40 metros e que a consignataria deseñou e mandou construír especificamente para operar estas mercadorías no Porto exterior.

Repsol tivo na Coruña un tráfico de graneis sólidos de preto de 500.000 toneladas no ano 2016, das que o 72% (360.000 toneladas aprox.) xa se moveron no Porto exterior.

En xuño de 2015, a compañía comezou os primeiros movementos ao Porto exterior co coque combustible (231.000 toneladas aprox. en 2016), posteriormente foi a descarga de coque verde (128.000 toneladas en 2016), ao que se suman agora as cargas do coque calcinado e do xofre (136.000 toneladas entre ambos os produtos no ano 2016), que o pasado ano aínda se cargaban no Porto interior.

A refinería produce diariamente 1.200 toneladas de coque combustible, un produto que se utiliza principalmente como combustible en empresas cementeiras, enviándose o 45% en buques. Doutra banda, o coque calcinado é un produto que resulta da calcinación de coque verde que entra externamente á refinería por tráfico marítimo e destínase principalmente á elaboración de eléctrodos utilizados na industria do aluminio e do aceiro.

O xofre obtido a través das plantas de recuperación de xofre e excedente tras a súa eliminación dos combustibles emprégase para a fabricación de fertilizantes, sulfatos e acedo sulfúrico.